

# AS IRMÁS MUNEKATA

Yasujiro Ozu, 1950

# 1239

ESTREA EN NUMAX: 09.02.2024 | V.O.S.E. | +12 | 112 min

As irmás Setsuko e Mariko rexentan un pequeno bar en Tokio. Pese a ter medrado xuntas, non poden ser máis distintas: Setsuko, a maior, viste kimono tradicional e casou moi nova con Mimura, un home triste e que bebe en exceso; Mariko, a menor, prefire a roupa de estilo occidental e gozar dos pequenos pracerdes da vida. O abismo entre elas redúcese co regreso do anticuario Hiroshi, o grande amor de xuventude de Setsuko. Convencida de que aínda hai sentimentos entre ambos, Mariko tratará de revivir a toda costa a paixón entre Hiroshi e a súa irmá.

«Un melodrama de sororidade e outro filme fermoso e imprescindible de Ozu»

Paula Arantzazu Ruíz, CINEMANÍA



## O perpetuo discorrer do tempo

Por Charles Tesson

Descuberta anos despois da súa morte, a obra de Ozu, límpida, consagrada a captar a evolución dos costumes e a fuga do tempo, conmoveu de inmediato. Marcado por unha profunda sensibilidade cara ao cotián da familia e os seus ritos de perpetuación (o matrimonio dos fillos e fillas), o seu cinema, tanto no fondo como no estilo, é á vez moi xaponés e universal. Yasujiro Ozu, nacido nunha modesta familia de comerciantes, foi criado pola súa nai en Tokio, pois o seu pai rexentaba un comercio en provincias. Alumno pouco aplicado (foi expulsado do instituto por indisciplina), inapto para os estudos superiores, mestre mediocre, con inclinación ao alcol, débelle a un tío seu a entrada nos estudos da Shochiku en 1923, onde levará a cabo toda a súa carreira. Alí coñece a Kogo Noda, que se converterá no seu amigo e no seu guionista habitual. Adoitaban vulgar a calidade dun guión en función do número de botellas de sake baleiradas.

Gran consumidor de películas americanas, Ozu iníciase como gagman e axudante de dirección de películas burlescas. Nun inicio dirixe comedias lixeiras, baixo influencia americana (admira a Harold Lloyd e a Lubitsch). Ao chegar á súa décima película, *Gradueime, pero...* (1929) avanza cara a un cinema máis grave, de crítica social. Toda a súa obra pertence ao xénero shomin geki, que trata sobre a vida ordinaria das clases humildes e da clase media. Anarquista na alma, moi antimilitarista, anoxado pola evolución do seu país, Ozu morre de cancro en 1963, o día dos seus sesaxésimo aniversario. Este home que fixo da familia o corazón das súas películas nunca fundou unha, pois nunca casou. Ao non crer no máis aló nin na reencarnación, convencido de que nada queda de nós tras a morte, fixo escribir o ideograma mu (baleiro) na súa tumba. Tras o seu falecemento, a súa actriz fetiche, Setsuko Hara, da que se lle dicía namorado, renunciou ao cinema e viviu recluída na súa casa, non lonxe do cemiterio no que está enterrado Ozu.

(...) Auténtico etnógrafo dos usos da sociedade xaponesa fai da perpetuación dunha tradición, a dos matrimonios concertados, o teatro conflictivo das súas películas, que confronta á americanización crecente da sociedade, ata o punto de que os seus personaxes, nas súas últimas películas, poden renunciar ao sake para beber whisky! (...) A posición da cámara de Ozu é baixa, coma se o espectador, xunto aos personaxes, estivese sentado no chan, nun tatami. Os planos son fixos, frontais, sen profundidade de campo, e as entradas dos personaxes fanse sempre a partir de elementos do decorado, nunca desde o bordo do encadre. Os decorados das escenas, invariables, seguen o curso do día: primeiro a oficina, logo un bar ou un restaurante, finalmente un regreso a casa. Cada plano está coidadosamente composto (o cal se fará aínda máis intenso co notable uso da cor) e Ozu utiliza os accesorios (boles, frascos de sake, botellas de cervexa) para compoñer un friso delicado. A actividade dos personaxes é sinxela: beber, comer, falar. O ritmo da montaxe, a miúdo vivo, axústase ás diferentes tomas de palabra. Para cada palabra pronunciada, o seu rostro. Cada final de escena dialogada conclúe cunha música suave que serve de conexión, acompañada de planos de decorado baleiros, chamados “pillow shots”, para descansar o ollo do espectador. Son, máis que nada, o presentimento dun desmaio do ser, preludio da morte. O cinema de Ozu, poboado por reloxos que indican a hora, está obsesionado coa fuga do tempo. Canto máis fixo é o plano e máis inerte o decorado, máis sente, cun simple xogo de sombras ou un reflexo de luz, o tempo fugaz. Nada de nostalgia en Ozu, tan só o perpetuo discorrer do tempo, aceptado con serenidade e desprendemento.